

O OUTRO ESPELLO

No cuarto teño un espello,
que amosándome por fóra
descóbreme o que levo dentro.

Colócome fronte ao espello
sen mover unha pestana
sen facer un só aceno.

Mírome nel fixamente
e véxome cómo son
porque as olladas non menten.

Teño o pelo rizado
cun floco sobre a fronte
e o nariz colorado.

Vexo no espello unha cara
unha cara como a miña.

A miña é esa cara.

A cara non disimula
porque ten ollos que fala
aínda con boca muda.

O espello do meu cuarto
é para eu me mirar,
pero levo outro posto
no que me ven os demais.

Son os ollos e a cara,
o espello invisible
da alma.

(Concha Blanco)

Luces, bicos e cores
Ed. EMBORA